

---

## **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A SITUACIÓN DO BARRIO DAS FONTIÑAS PARA A IMPLEMENTACIÓN DE MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA A SÚA MELLORA**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno, co obxectivo de que se trate as problemáticas específicas do barrio das Fontiñas e para que se planifiquen medidas es plan municipal para solucionarla.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A construción do barrio das Fontiñas entre finais dos 80 e principios dos 90 foi un fito para Santiago de Compostela que supuxo un importante crecemento demográfico chegando a superar os 11.000 habitantes en poucos anos. Un novo barrio que nos seus xa trinta anos de existencia foi poboado por persoas chegadas doutros barrios de Santiago ou de fóra da cidade, e comezou a vivir neste barrio por motivos laborais ou pola oferta de vivendas de promoción pública.

Segundo os datos recollidos no *Diagnóstico Comunitario do Barrio das Fontiñas* polo departamento de Políticas Sociais de Santiago, a porcentaxe de adultos é do 57,2%, a de menores é do 17,5%, a de mozos é do 14,3% e a dos maiores é do 11%, sendo o número de persoas de orixe estranxeira do 3,3%. Unha poboación que habita un barrio que dispón de numerosos equipamentos públicos mais que tamén ten necesidades e carencias que deben ser resoltas polo Concello.

Nunha recente Asemblea Aberta organizada polo grupo municipal de Compostela Aberta no barrio detectouse que a mobilidade e a accesibilidade é unha das grandes eivas actuais do barrio. En parte pola excesiva velocidade dos vehículos en varias das súas rúas ou polas numerosas voltas que actualmente dan as liñas de bus urbano por dentro do barrio. Precisamente, moitas destas carencias están relacionadas coas actuais obras da Avenida de Lugo, que conxuntamente coas reformas, no ano 2009, da Rúa de Berlín e da Rúa de Londres supuxeron unha das grandes mudanzas do barrio desde a súa conformación inicial entre o 1988 e 1993.

Esta nova conexión entre as Fontiñas e o barrio de San Pedro coa súa saída natural ten significado que non se poda facer o xiro da Rúa de Berlín cara Rodríguez de Viguri que si estaba permitido no

proxecto inicial das obras do camiño francés, ou que a sobrecarga da Rúa Londres como nova entrada no barrio implique a necesidade dunha nova rotonda na confluencia das rúas Lisboa e Dublín con Londres, para solucionar a problemática do actual cruce regulado unicamente con sinais de Stop. Tal e como propuxo Compostela Aberta no pleno ordinario de xaneiro deste ano, nunha proposición que foi aprobada pola corporación.

Dentro destes problemas de mobilidade e tránsito existen queixas sobre que as rúas se teñen convertido nunha zona de paso para chegar ao Centro Comercial das Cancelas, o que ten aumentado sensiblemente o tránsito rodado en toda a zona. Precisamente a construción das Cancelas ten implicado o esmorecemento da Área Central, que fora inaugurada en 1993 como a maior rúa comercial de Europa, con 120 tendas e 656 vivendas no seu interior. Unha situación que tamén denuncia a veciñanza é á que o Concello debe contribuír para solucionar.

O deficiente mantemento municipal das rúas e zonas verdes, así como da seguridade nos diferentes parques infantís, a existencia de ratas nalgúns zonas, a escaseza de contedores para depositar o lixo, ou a lamentable situación actual do Parque Carlo Magno son outras das queixas recorrentes no barrio, ademais de pedir que se solucionen os problemas de accesibilidade que aínda existen localizados en por varios puntos da súa xeografía.

Ademais, moita de veciñanza manifesta certos síntomas de agravio polo trato recibido por parte do goberno local no caso da ubicación da nova sede do Imelga, ou por ter deslocalizado a futura residencia para a terceira idade a outra zona da cidade, cando en principio a Xunta de Galicia tiña acordada co goberno anterior a súa construción nas Fontiñas.

É por todo o anterior que algunhas das necesidades máis sentidas no barrio teñan que ver coa construción dun novo centro de día para persoas maiores -que podería estar localizado na parcela na que se pretendía construír a residencia-, coa necesaria cuberta para o parque infantil da Rúa Lisboa para poder ser usado tamén no inverno, coa implementación real da policía de barrio, coa construción -tres anos despois- da cuberta da piscina das Fontes do Sar ou co mantemento de todas as zonas verdes incluída a senda das Brañas de Sar, ou a ampliación do Centro de Saúde.

Propostas pensadas para o calmado do tránsito rodado e que manteñen unha dimensión humana como as feitas no mandato anterior cando se construíu o elevador de Triacastela, se repintou e instaláronse berlinesas para reducir a velocidade na Rúa Paris, reurbanizouse a rúa de Dublín tamén para reducir velocidade, abriuse a Ludoteca Maria Miramontes, proxectouse a construción da cuberta do parque infantil e das piscinas do Fontes de Sar, ou se nomeou o Parque Begoña Caamaño, entre outras moitas relacionadas co mantemento do día a día do barrio.

Por todo o anterior, e co obxectivo de dar resposta ás necesidades do barrio das Fontiñas e atender as demandas da súa veciñanza, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

**Instar ao correspondente órgano de goberno local a:**

1. Executar unha serie de medidas urxentes orientadas para a mellora da mobilidade en todo o barrio, co calmado do tráfico en varios puntos, coa mellora da accesibilidade arranxo das rúas deterioradas, coa construción da nova rotonda da Rúa Londres, coa habilitación do xiro da Rúa de Berlín con Rodríguez de Viguri, coa revisión dos itinerarios dos autobuses e a implementación da policía de barrio.
2. Elaborar un diagnóstico de necesidades e demandas sociais do barrio das Fontiñas para poder incorporar estas melloras nos orzamentos municipais dos próximos anos.
3. Instar á Xunta de Galicia á construción do centro de día nas inmediacións do barrio nalgunha das parcelas aínda dispoñibles para o mesmo.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

  
Marta Lois González  
GRUPO MUNICIPAL  
Portavoz do grupo municipal de Compostela Aberta

**Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**